Nome do prato na lingua orixinaria: <i>Tarta de queso y fresas</i>	<table border="1"> <tr><td>entrante</td></tr> <tr><td>sopa</td></tr> <tr><td>prato principal</td></tr> <tr><td>♦ sobremesa</td></tr> </table>	entrante	sopa	prato principal	♦ sobremesa
entrante					
sopa					
prato principal					
♦ sobremesa					
Lugar de procedencia da receita: <i>Descoñecido</i>	<ul style="list-style-type: none"> ♦ Tradicional Nova cociña Cotiá ♦ Celebracións 				
Fonte da receita: <i>Familiar</i>					

Autor/a: Colaboradores/as	Mar Serrano González	Idade: 13
País ou zona de procedencia: Galicia	Cidade ou pobo: Pontevedra	

H
Z
O
R
A
O
Z
H
D
H
F
H
Z
F
Z
F
S

½ litro de nata "Asturiana"
1 vaso de leite
½ vaso de azucre
1 terrina de queixo "Philadelphia" (200/250 g)
1 sobre de callado "Royal"
½ paquete de galletas "Maria"
1 barriña de manteiga "Arias" (100/125 g)
Marmelada de amorodos

ELABORACIÓN



Déixase a manteiga fóra da neveira para que se abrande.

Móense ou trituren as galletas ata chegar á consistencia de pan relado

Amásase galleta moída coa manteiga e vaise esmagando no fondo dun molde desmontable.

Nun bol mesturamos a nata, o leite, o azucre, o queixo Philadelphia e o sobre de callado, ponse ao lume e revólvese suavemente; cando rompa a ferver, envórcase a mestura encima da galleta con moitísimo coidado, déixase arrefriar e métese no frigorífico durante unhas horas (mellor dun día para outro)

Antes de servir, cubrir cunha capa de marmelada de amorodo e desmoldar.

Vivencias persoais, lendas, costumes...

...asociados a esta receita:



Esta receita facémola a miña nai e eu cando temos algunha celebración familiar. É rápida, fácil e económica e está moi boa.

TORTA DE QUEIXO

Nome do prato en galego: <i>Torta de queixo</i>	Tipo:								
Nome do prato na lingua orixinaria: <i>Tarta de queso</i>	<table border="1"> <tr><td><input type="checkbox"/></td><td>entrante</td></tr> <tr><td><input type="checkbox"/></td><td>sopa</td></tr> <tr><td><input type="checkbox"/></td><td>prato principal</td></tr> <tr><td><input checked="" type="checkbox"/></td><td>sobremesa</td></tr> </table>	<input type="checkbox"/>	entrante	<input type="checkbox"/>	sopa	<input type="checkbox"/>	prato principal	<input checked="" type="checkbox"/>	sobremesa
<input type="checkbox"/>	entrante								
<input type="checkbox"/>	sopa								
<input type="checkbox"/>	prato principal								
<input checked="" type="checkbox"/>	sobremesa								
Lugar de procedencia da receita: <i>Zamora</i>	<ul style="list-style-type: none"> ◆ Tradicional ◆ Nova cociña ◆ Cotiá ◆ Celebracións 								
Fonte da receita: <i>Da avoa</i>									


Autor/a: Colaboradores/as	Alvaro Gonzalez Garcia	Idade: 13
País ou zona de procedencia: Galicia	Cidade ou pobo: Pontevedra	

W
Y
Z
T
U
V
X
H
I
J
K
L
M
N
O
P
Q
R
S
Z
H

1/2 kg de queixo fresco
5 Ovos
10 Culleradas de azucre
2 Culleradas de fariña de millo

ELABORACIÓN

Poñemos nun recipiente: o queixo, os ovos, o azucre e a fariña. Batemos todos os ingredientes co batedor. Untamos un molde para o forno con manteiga, despois poñemos no molde todos os ingredientes batidos. Acendemos o forno a 180° e metemos o molde cos ingredientes durante 1 hora. Sacamos a torta do forno, poñémola nunha bandexa a arrefriar e servímola.



Vivencias persoais, lendas, costumes...

...asociados a esta receita:



TORTA DE QUEIXO


Nome do prato en galego: <i>Torta de queixo</i>	Tipo:								
Nome do prato na lingua orixinaria: <i>Tarta de queso</i>	<table border="1"><tr><td></td><td>entrante</td></tr><tr><td></td><td>sopa</td></tr><tr><td></td><td>prato principal</td></tr><tr><td>◆</td><td>sobremesa</td></tr></table>		entrante		sopa		prato principal	◆	sobremesa
	entrante								
	sopa								
	prato principal								
◆	sobremesa								
Lugar de procedencia da receita: <i>Descoñecida</i>	◆ Tradicional Nova cociña Cotiá								
Fonte da receita: <i>Familiar</i>	◆ Celebracións								

Autor/a: Colaboradores/as	Alexandra Rodríguez Irea e Sara	Idade: 14
País ou zona de procedencia: Galicia	Cidade ou pobo: Pontevedra	

W
V
U
T
S
R
Q
P
O
N
M
L
K
J
I
H
G
F
E
D
C
B
A

1 iogur natural
A mesma cantidade de azucre (utilizar o recipiente do iogur)
A mesma cantidade de fariña (utilizar o recipiente do iogur)
1 terrina de queixo fresco
3 ovos
manteiga

ELABORACIÓN



Bátense todos os ingredientes agás a manteiga. Untamos un molde para forno con manteiga e botamos nel toda a mestura.

Métese no forno durante uns trinta minutos aproximadamente a 180°. De cando en vez hai que pinchar a torta para ver como vai por dentro.

Déixase arrefriar antes de consumir.

Vivencias persoais, lendas, costumes...

...asociados a esta receita:



É unha sobremesa sinxela de facer e moi rica

ARROZ CON LEITE


Nome do prato en galego: <i>Arroz con leite</i>	Tipo:								
Nome do prato na lingua orixinaria: <i>Manjar blanc</i>	<table border="1"> <tr><td><input type="checkbox"/></td><td>entrante</td></tr> <tr><td><input type="checkbox"/></td><td>sopa</td></tr> <tr><td><input type="checkbox"/></td><td>prato principal</td></tr> <tr><td><input checked="" type="checkbox"/></td><td>sobremesa</td></tr> </table>	<input type="checkbox"/>	entrante	<input type="checkbox"/>	sopa	<input type="checkbox"/>	prato principal	<input checked="" type="checkbox"/>	sobremesa
<input type="checkbox"/>	entrante								
<input type="checkbox"/>	sopa								
<input type="checkbox"/>	prato principal								
<input checked="" type="checkbox"/>	sobremesa								
Lugar de procedencia da receita: <i>Cataluña</i>	<ul style="list-style-type: none"> ◆ Tradicional ◆ Nova cociña ◆ Cotiá ◆ Celebracións 								
Fonte da receita: <i>Miña nai: Ana Isabel</i>									

Autor/a: Colaboradores/as	Pedro Estévez Fernández	Idade: 13
País ou zona de procedencia: Galicia	Cidade ou pobo: Pontevedra	

W
V
U
T
S
R
Q
P
O
N
M
L
K
J
I
H
G
F
E
D
C
B
A

½ kg de arroz
4 litros de leite
½ litros de nata líquida
Pel dun limón
3 barriñas de canela en póla
200 g de azucre

ELABORACIÓN



Fervemos o leite e a nata, a canela e o limón todo xunto nunha pota.

Cando rompa a ferver bótase o arroz e déixase a lume lento removendo de cando en vez durante 1 hora. Bótase o azucre e remóvese 30 minutos máis ata que colla a forma de crema. Despois sérvese nun bol e se ponse a arrefriar ou tómase morno. Ao gusto do consumidor.

Vivencias persoais, lendas, costumes...

...asociados a esta receita:



A primeira vez que o ía probar ía eu co bol polo corredor e caeume por riba, tantas ganas tiña de probalo que collín unha culler e empecei a comelo do chan.

PDT: Acababan de aspiralo.

ROSQUILLAS

Nome do prato en galego: <i>Rosquillas</i>	Tipo:								
Nome do prato na lingua orixinaria: <i>Rosquillas</i>	<table border="1"><tr><td></td><td>entrante</td></tr><tr><td></td><td>sopa</td></tr><tr><td></td><td>prato principal</td></tr><tr><td>◆</td><td>sobremesa</td></tr></table>		entrante		sopa		prato principal	◆	sobremesa
	entrante								
	sopa								
	prato principal								
◆	sobremesa								
Lugar de procedencia da receita: <i>Cuéllar</i>	◆ Tradicional Nova cociña Cotiá ◆ Celebracións								
Fonte da receita: <i>Miña nai</i>									

Autor/a: Colaboradores/as	Enara Martinez Dacosta Miña nai	Idade: 15
País ou zona de procedencia: Galicia	Cidade ou pobo: Pontevedra	


W
V
U
T
S
R
Q
P
O
N
M
L
K
J
I
H
G
F
E
D
C
B
A

1 kg de fariña

un sobre de fermento royal
unha cullerada de sal
medio vaso de aceite de fritir
3 ovos
un vaso de leite
unha culleradiña de anís
un vaso de azucre
rela de limón

ELABORACIÓN

Botar o kg de fariña nun prato fondo e mesturala con todos os ingredientes.
(Non importa a orde) a continuación comézase a amasar ata que quede todo ben mesturado e quede unha masa.
Deixar repousar durante media hora na neveira. Transcorrido xa o tempo marcado sácase a masa da neveira e realízase con ela unhas tiras e realízase a forma desexada pero que o tamaño non sexa nin moi grande nin moi pequeno.
A continuación frítense nunha tixola co aceite moi quente
Ao rematar bótase azucre glass por enriba.



Vivencias persoais, lendas, costumes...

...asociados a esta receita:



ROSQUILLAS


Nome do prato en galego: <i>Rosquillas</i>	Tipo:								
Nome do prato na lingua orixinaria: <i>Rosquillas</i>	<table border="1"><tr><td></td><td>entrante</td></tr><tr><td></td><td>sopa</td></tr><tr><td></td><td>prato principal</td></tr><tr><td>◆</td><td>sobremesa</td></tr></table>		entrante		sopa		prato principal	◆	sobremesa
	entrante								
	sopa								
	prato principal								
◆	sobremesa								
Lugar de procedencia da receita: <i>Italia (Florenxia)</i>	◆ Tradicional Nova cociña Cotiá ◆ Celebracións								
Fonte da receita: <i>Miña nai e libro de receitas Thermomix</i>									

Autor/a: Javier Álvarez Oltra Álvaro Caride Miña nai	Idade: 13/13
Colaboradores/as	
País ou zona de procedencia: Galicia	Cidade ou pobo: Pontevedra

W
V
U
T
S
R
Q
P
O
N
M
L
K
J
I
H
G
F
E
D
C
B
A

***200 g de azucre
a pel de limón, só a parte amarela
100 g de aceite de xirasol
2 ovos
500 g de fariña aprox.
1 sobre de lévedo en po ou 3 culleriñas
50 g de anís
1 belisco de sal***

ELABORACIÓN



Verta azucre nun vaso moi seco e programe 30 segundos a velocidade 5-7-9 progresivamente. Engada a pel do limón e repita a operación 1 minuto máis. Agregue o resto dos ingredientes agás a fariña e o lévedo e mesture 10 segundos en velocidade 6.

Poña a metade da fariña e do lévedo e mesture 8 segundos a velocidade 6. Ten que quedar unha masa branda. Se lle faltase fariña engada un pouco e poña a velocidade espiga 15 segundos. Saque do vaso coas mans molladas en aceite.

A continuación forme bólas do tamaño dunha noz, únaas de dúas en dúas e presione no centro co dedo para formar as rosquillas, abrindoas un pouco. Poden facerse cunha soa bóla.

Por último, frítaas en aceite quente escorrendo sobre papel absorbente e sírvaas empoadas con azucre glass.

A continuación frítense nunha tixola co aceite moi quente
Ao rematar bótase azucre glass por enriba.

Vivencias persoais, lendas, costumes...

...asociados a esta receita:



A miña avoa, por parte de pai, regaloume o meu primeiro libro de receitas cando s'ó tiña 6 anos. Fun mellorando na cociña grazas á axuda que esta me proporcionou.

TIRAMISÚ

Nome do prato en galego: <i>Tiramisú</i>	Tipo:								
Nome do prato na lingua orixinaria: <i>Tiramisú</i>	<table border="1"> <tr><td></td><td>entrante</td></tr> <tr><td></td><td>sopa</td></tr> <tr><td></td><td>prato principal</td></tr> <tr><td>◆</td><td>sobremesa</td></tr> </table>		entrante		sopa		prato principal	◆	sobremesa
	entrante								
	sopa								
	prato principal								
◆	sobremesa								
Lugar de procedencia da receita: <i>Catania (Sicilia)</i>	<ul style="list-style-type: none"> ◆ Tradicional ◆ Nova cociña ◆ Cotiá ◆ Celebracións 								
Fonte da receita: <i>Obradoiro de cociña</i>									

Autor/a: Colaboradores/as	Irene Abal Bonilla Marta Martínez Lores. Andrea Novegil Estévez	Idade: 12
País ou zona de procedencia: Galicia	Cidade ou pobo: Pontevedra	

W
M
Y
Z
F
H
D
M
D
O
Z
H

***500 g de queixo "mascarpone" .
150 g de vainillas ou sobaos.
4 ovos.
6 culleradas de azucre.
Un vaso de café.
Unha copa de viño doce.
Colacao ou fideos de chocolate.***

ELABORACIÓN

Separamos as claras das xemas

Nun cazo mesturamos o queixo, as culleradas de azucre e as xemas.


Botamos as claras a punto de neve e engadimos a mestura anterior.

Preparamos un vaso de café (sobre nestcafé) e mesturámoslle o viño doce.

Mollamos os sobados na mestura anterior un pouquiño e poñémolos nunha bandexa ancha.

Cubrimos os sobados coa metade da mestura do queixo e botamos por enriba colacao

Repetimos a operación na mesma orde e deixámolo arrefriar durante 4 ou 5 horas no frigorífico.



Vivencias persoais, lendas, costumes...

...asociados a esta receita:



A nós gústanos moito e aprendémolo a facer nunhas clases de cociña que daban no noso colexio.

MOUSE DE LIMÓN

Nome do prato en galego: <i>Mousse de limón</i>	Tipo:								
Nome do prato na lingua orixinaria: <i>Mousse de limón</i>	<table border="1"><tr><td></td><td>entrante</td></tr><tr><td></td><td>sopa</td></tr><tr><td></td><td>prato principal</td></tr><tr><td>◆</td><td>sobremesa</td></tr></table>		entrante		sopa		prato principal	◆	sobremesa
	entrante								
	sopa								
	prato principal								
◆	sobremesa								
Lugar de procedencia da receita: <i>Francia</i>	◆ Tradicional Nova cociña								
Fonte da receita: <i>Os nosos pais</i>	◆ Cotiá Celebracións								


Autor/a: Elena Rey Rodríguez Laura Pena Villanueva	Idade: 13/13
Colaboradores/as	
País ou zona de procedencia: Galicia	Cidade ou pobo: Pontevedra

6 persoas

***Seis iogures naturais.
Un bote de leite condensado (400 g)
Tres limóns.
Chocolate relado.***

W
V
U
T
S
R
Q
P
O
N
M
L
K
J
I
H
G
F
E
D
C
B
A

ELABORACIÓN



Cóllese un recipiente e vértense os iogures,
o leite condensado de limón.

Bátense todos os ingredientes (cun
batedor).

Métese o recipiente na neveira. (3 horas)

Cóbrese de chocolate relado no Mouse a
gusto de cada quen.

Vivencias persoais, lendas, costumes...

...asociados a esta receita:



A palabra mousse é de orixe francesa. O seu significado
quere dicir "escuma". Nós non utilizamos o mousse de
sobremesa nas celebracións. Os nosos pais prepáranos como unha
sobremesa normal. Encántanos.

BROWNIES

Nome do prato en galego: <i>Brownies</i>	Tipo:								
Nome do prato na lingua orixinaria: <i>Brownies</i>	<table border="1"><tr><td></td><td>entrante</td></tr><tr><td></td><td>sopa</td></tr><tr><td></td><td>prato principal</td></tr><tr><td>◆</td><td>sobremesa</td></tr></table>		entrante		sopa		prato principal	◆	sobremesa
	entrante								
	sopa								
	prato principal								
◆	sobremesa								
Lugar de procedencia da receita: <i>Estados Unidos</i>	Tradicional								
Fonte da receita: <i>A miña nai</i>	◆ Nova cociña ◆ Cotiá Celebracións								

Autor/a: Colaboradores/as	José Antonio García Álvarez	Idade: 13
País ou zona de procedencia: Galicia	Cidade ou pobo: Pontevedra	

W
V
U
T
S
R
Q
P
O
N
M
L
K
J
I
H
G
F
E
D
C
B
A

***100 g de chocolate amargo en libra .
125 g de manteiga .
150 g de azucre .
150 g de fariña .
100 g de noces picadas .
1 chisco de sal .
3 ovos.
1 cullerada de fermento***



ELABORACIÓN

Poñer en anacos a libra de chocolate e fundila nun recipiente coa manteiga a lume lento e sen deixar de remover.

Retirar o recipiente do lume. Engadir o azucre e o sal. Deixar arrefriar.

Mesturar os ovos co chocolate. Engadir a fariña, a lévedo e as noces picadas. Revolver ata obter unha pasta uniforme.

Forrar a metade da bandexa do forno con papel parafinado.

Repartir a pasta regularmente sobre o papel da bandexa.

Prequentar o forno a 175°. Meter a bandexa do forno na parte media do forno durante 25 minutos.

Pasado o tempo, retirar a bandexa do forno e deixar arrefriar o pastel.

Cortallo en cadradiños e gardalo nun recipiente ata a hora para comer este saborosa e deliciosa sobremesa.

Vivencias persoais, lendas, costumes...

...asociados a esta receita:



OVOS RECHEOS DE ATÚN

Nome do prato en galego: <i>Ovos recheos de atún</i>	Tipo: <table border="1"><tr><td>◆</td><td>entrante</td></tr><tr><td></td><td>sopa</td></tr><tr><td></td><td>prato principal</td></tr><tr><td></td><td>sobremesa</td></tr></table> <ul style="list-style-type: none">◆ Tradicional Nova cociña◆ Cotiá Celebracións	◆	entrante		sopa		prato principal		sobremesa
◆		entrante							
		sopa							
		prato principal							
	sobremesa								
Nome do prato na lingua orixinaria: <i>Huevos rellenos de atún</i>									
Lugar de procedencia da receita: <i>Receta caseira</i>									
Fonte da receita: <i>Menús para deportistas</i>									

Autor/a: Noa Floriano Doval Myriam Vieitez	Idade: 20/18
Colaboradores/as	
País ou zona de procedencia: Galicia	Cidade ou pobo: Pontevedra

***6 ovos
2 latas de atún
maionesa***


**W
V
U
T
S
R
Q
P
O
N
M
L
K
J
I
H
G
F
E
D
C
B
A**

ELABORACIÓN

Os ovos cócese en auga e déixanse arrefriar.

Cando estean temperados, pélanse e córtanse á metade .

Sácanselles as xemas e mestúranse co atún e coa maionesa nun recipiente pequeno; de seguido colócase a pasta feita enriba do ovo no oco da xema.



Vivencias persoais, lendas, costumes...

...asociados a esta receita:



Os atletas precisan incrementar o consumo de racións de alimentos con proteínas para aseguraren un adecuado restablecemento e crecemento dos músculos, en tamaño e en forza, por iso os ovos constitúen unha excelente fonte de enerxía para deportistas.

PUDIN DE MAZÁ E PASAS

Nome do prato en galego: <i>Pudin de mazá e pasas</i>	Tipo:								
Nome do prato na lingua orixinaria: <i>Pudin de manzana y pasas</i>	<table border="1"> <tr><td><input type="checkbox"/></td><td>entrante</td></tr> <tr><td><input type="checkbox"/></td><td>sopa</td></tr> <tr><td><input type="checkbox"/></td><td>prato principal</td></tr> <tr><td><input checked="" type="checkbox"/></td><td>sobremesa</td></tr> </table>	<input type="checkbox"/>	entrante	<input type="checkbox"/>	sopa	<input type="checkbox"/>	prato principal	<input checked="" type="checkbox"/>	sobremesa
<input type="checkbox"/>	entrante								
<input type="checkbox"/>	sopa								
<input type="checkbox"/>	prato principal								
<input checked="" type="checkbox"/>	sobremesa								
Lugar de procedencia da receita: <i>Descoñecido</i>	<ul style="list-style-type: none"> ◆ Tradicional ◆ Nova cociña 								
Fonte da receita: <i>Deulla unha amiga á miña avoa</i>	<ul style="list-style-type: none"> ◆ Cotiá ◆ Celebracións 								

Autor/a: Colaboradores/as:	Cristina Táboas de Saá Margarita de Saá Martín	Idade: 12
País ou zona de procedencia: Galicia	Cidade ou pobo: Pontevedra	

F
Z
O
R
M
D
H
M
S
S

3 mazás reineta
6 rebandas de pan de molde
1 cuarto de litro de leite
3 ovos
50 gramos de pasas de Corinto
unhas culleradas de coñac
8 culleradas de azucre
azucre para caramelizar o molde
(4 culleradas ou menos)
Nata montada ou líquida
(se se serve quente) para adornar


ELABORACIÓN

Pélanse as mazás e córtanse en toros finiños. Póñense as pasas a remollo co coñac. Bátense os ovos co azucre e mestúranse co leite.

Caramelízase o molde (procurando bañar as paredes). Colócanse unhas cantas pasas escorridas no fondo, a continuación unha capa de mazás, outra de pan esfarelado, outra de pasas, volvendo a pór mazás, pan, pasas... Ata que se remate.

Régase co leite e os ovos batidos e cócese ao baño María no forno durante media hora (máis ou menos)

Sérvese acompañada de nata líquida ou nata montada dependendo de que o sobremesa estea fría ou quente.



Vivencias persoais, lendas, costumes...

...asociados a esta receita:



Esta receita utilízase como torta de aniversario cando eu ou o meu irmán sopramos candeas. Consequímol a mediante unha amiga da miña avoa .

BISCOITIÑOS DE AMÉNDOSAS

<p>Nome do prato en galego: <i>Biscoitiños de améndoas</i></p> <p>Nome do prato na lingua orixinaria: <i>Bizcochitos de almendras</i></p> <p>Lugar de procedencia da receita: <i>España</i></p> <p>Fonte da receita: <i>a miña avoa</i></p>	<p>Tipo:</p> <table border="1"> <tr><td><input type="checkbox"/></td><td>entrante</td></tr> <tr><td><input type="checkbox"/></td><td>sopa</td></tr> <tr><td><input type="checkbox"/></td><td>prato principal</td></tr> <tr><td><input checked="" type="checkbox"/></td><td>sobremesa</td></tr> </table> <ul style="list-style-type: none"> ◆ Tradicional ◆ Nova cociña ◆ Cotiá ◆ Celebracións 	<input type="checkbox"/>	entrante	<input type="checkbox"/>	sopa	<input type="checkbox"/>	prato principal	<input checked="" type="checkbox"/>	sobremesa
<input type="checkbox"/>	entrante								
<input type="checkbox"/>	sopa								
<input type="checkbox"/>	prato principal								
<input checked="" type="checkbox"/>	sobremesa								

Autor/a:	Margarita Castro Sara Hermida Andrea Boullosa Pilar Diz Tarrío	Idade: 14
Colaboradores/as:		
País ou zona de procedencia: Galicia	Cidade ou pobo: Pontevedra	


**F
Z
O
R
A
D
O
S
E
S**

Unha cunca de fariña de trigo
Unha cunca de manteiga derretida
Unha cunca de améndoas moídas
2 xemas de ovos batidas
Unha cullerada de canela en po

ELABORACIÓN


Bátense a manteiga e o azucre, cando xa estean incorporados formando unha masa cremosa váiselles agregando a fariña, as améndoas, as xemas e a canela, pouco a pouco ata lograr unha masa suave.

Fórmanse rosquiñas, pónense sobre unha lata engraxada e lévanse ao forno prequentado a 350° por 15 minutos.



Vivencias persoais, lendas, costumes...

...asociados a esta receita:



Esta receita acostumaba facela a miña avoa, gustábame moito cando era unha nena e por iso a elixín para o concurso.

ÁRBORE DE NADAL DE CHOCOLATE E CREMA DE LIMÓN

<p>Nome do prato en galego: Árbore de Nadal de Chocolate e crema de limón</p> <p>Nome do prato na lingua orixinaria: Árbol de navidad de chocolate y crema de limón</p> <p>Lugar de procedencia da receita: Descoñecido</p> <p>Fonte da receita: Familiar</p>	<p>Tipo:</p> <table border="1"> <tr><td><input type="checkbox"/></td><td>entrante</td></tr> <tr><td><input type="checkbox"/></td><td>sopa</td></tr> <tr><td><input type="checkbox"/></td><td>prato principal</td></tr> <tr><td><input checked="" type="checkbox"/></td><td>sobremesa</td></tr> </table> <ul style="list-style-type: none"> ◆ Tradicional Nova cociña Cotiá ◆ Celebracións 	<input type="checkbox"/>	entrante	<input type="checkbox"/>	sopa	<input type="checkbox"/>	prato principal	<input checked="" type="checkbox"/>	sobremesa
<input type="checkbox"/>	entrante								
<input type="checkbox"/>	sopa								
<input type="checkbox"/>	prato principal								
<input checked="" type="checkbox"/>	sobremesa								

Autor/a: Carmen Margariña Valderrama Currás Profesora	Idade:
Colaboradores/as:	
País ou zona de procedencia: Galicia	Cidade ou pobo: Pontevedra

H
Z
O
R
M
A
O
Z
H
Z
O
R
M
A
O
Z
H
Z
O
R
M
A
O
Z


Para o biscoito:
3 ovos
1 iogur natural
1 recipiente do iogur de aceite de oliva
2 recipientes de iogur de azucre
3 recipientes de iogur de fariña para biscoitos (xa contén a lévedo)

Para o recheo:
45 g de manteiga
Zume de 3 limóns
Rela de limón
250 g de azucre
3 ovos

Para cubrir o arbol
Chocolate fondant
Leite
Manteiga

Para adornalo
Cereixas confeitadas vermellas e verdes
Ovo fiado

ELABORACIÓN



Biscoito:

Nun recipiente póñense os ingredientes: o iogur, o aceite, o a: rela de limón, os ovos batidos como para tortilla, revólvese todo e vaixe botando a fariña. Úntase o molde con forma de árbore de Nadal con manteiga e recóbrese de fariña, quitando o sobrante.

Métese ao forno prequentado.

Para o recheo:

Nun cazo derrétese a manteiga, procurando que non ferva, engádese o zume de limón, a rela dos limóns e o azucre, finalmente os ovos batidos como para tortilla.

Ponse un cazo con auga a ferver para rematar de facer a crema ao baño María, dando voltas constantemente durante 15 minutos aproximadamente, ata que espese. Esta crema vértese nun cacharro para que arrefrúe.

Cando o biscoito está frío, divídese en pisos para enchelo coa crema de limón.

Para cubrilo e adornalo:

Faise unha crema de chocolate espesa, cando estea morna cóbrese o biscoito. Para o adorno, como se fosen bolas de Nadal, utilízanse cereixas confeitadas verdes e vermellas, ao redor ponse ovo fiado que se pode comprar, xa que a súa elaboración é complicada.

¡E a comer!

Vivencias persoais, lendas, costumes...

...asociados a esta receita:



En realidade é unha receita que se me ocorreu para celebrar as festas do Nadal e participar todos na elaboración da sobremesa e non mercar todo feito, senón facelo en familia, pasando un tempo divertido, sobre todo cos nenos e nenas que así se acostuman a colaborar para despois compartiren. Foi importante atopar o molde con esta forma e atopámolo xa hai moito tempo en Francia. Supoño que agora aquí xa os haberá.

CARBOEIRAS

Nome do prato en galego: <i>Carboeiras</i>	Tipo:								
Nome do prato na lingua orixinaria: <i>Carboneras</i>	<table border="1"> <tr><td></td><td>entrante</td></tr> <tr><td></td><td>sopa</td></tr> <tr><td>♦</td><td>prato principal</td></tr> <tr><td></td><td>sobremesa</td></tr> </table>		entrante		sopa	♦	prato principal		sobremesa
	entrante								
	sopa								
♦	prato principal								
	sobremesa								
Lugar de procedencia da receita: <i>Calquera lugar na posguerra civil española, pero concretamente Madrid</i>	<ul style="list-style-type: none"> ♦ Tradicional ♦ Nova cociña ♦ Cotiá ♦ Celebracións 								
Fonte da receita: <i>Familiar</i>									

Autor/a: <i>Carmen Margariña Valderrama Currás</i> Profesora	Idade:
Colaboradores/as:	
País ou zona de procedencia: <i>Galicia</i>	Cidade ou pobo: <i>Calquera pobo na España da postguerra</i>

***H
Z
G
R
E
D
H
E
Z
M
S***

750 g de Carne de tenreira (hoxe, daquela sería de calquera carne que se atopase)

Allos

Pan trigo duro, mellor gramado

Aceite de oliva


Sal

Viño branco

Vinagre de Xerez

Para a guarnición: arroz, allos, aceite de oliva, sal e auga

ELABORACIÓN



Córtase a carne en bistés moi pequenos e finos.

Nunha tixola, con pouco de aceite de oliva ben quente, pásanse os bisteciños volta e volta. Resérvanse e nunha pota vaise botando o aceite co xugo da carne que esta foi soltando. Pícanse os dentes de allo e dáselle unha pasada polo aceite e zume da carne, cando o allo estea dourado, mestúrase a carne. Resérvase.

Nunha tixola con aceite frítese o pan duro que previamente foi mollado en vinagre, unha vez frito machácase nun morteiro e vértese sobre a carne, engádese viño branco, sal e ponse ao lume ata que a carne estea feita. Se é necesario pódese engadir un pouco de auga para que non quede sen salsa.

Como guarnición preferentemente farase un arroz en branco, pero se se prefire poden ser patacas cocidas ou fritas.

Vivencias persoais, lendas, costumes...

...asociados a esta receita:

Esta receita facíase en moitas familias na posguerra española, non sei se se facía antes, pero si me consta que se facía nese tempo. Foi unha etapa difícil para a economía familiar, pois carecíase de moitos produtos, sobre todo en cidades grandes, como era o Madrid da miña infancia, e por esa escaseza que as mulleres agudizaban o enxeño e neste caso, ao ter que utilizar carne que non era de primeira categoría e ademais tiña que render, fixeron receitas como esta que agora vos ofrezco. Con ela conseguiron que o prato fose apetitoso. Penso que as nais e as avoas realmente o conseguiron pois é un prato que creo que gusta a maiores e pequenos. Hoxe podemos poñer carne de primeira calidade co cal o prato mellora considerablemente. Se o realizades faredes unha homenaxe a tódalas mulleres que disfrazaron a triste realidade. Bo apetito.

OVOS MIMOSA


Nome do prato en galego: <i>Ovos mimosa</i>	Tipo:								
Nome do prato na lingua orixinaria: <i>Huevos mimosa</i>	<table border="1"> <tr><td>◆</td><td>entrante</td></tr> <tr><td></td><td>sopa</td></tr> <tr><td></td><td>prato principal</td></tr> <tr><td></td><td>sobremesa</td></tr> </table>	◆	entrante		sopa		prato principal		sobremesa
◆	entrante								
	sopa								
	prato principal								
	sobremesa								
Lugar de procedencia da receita: <i>Descoñecido</i>	<ul style="list-style-type: none"> ◆ Tradicional ◆ Nova cociña 								
Fonte da receita: <i>Señora de pensión</i>	<ul style="list-style-type: none"> ◆ Cotiá ◆ Celebracións 								

Autor/a: Rosa Moldes. Profesora	Idade:
Colaboradores/as:	
País ou zona de procedencia: Galicia	Cidade ou pobo: Pontevedra

H
Z
O
R
A
M
O
S
H
D
H
E
Z
E
S
E
S

12 ovos
1 lata de atún (220 g)
maionesa para encher e para adornar

ELABORACIÓN



Cocemos os ovos (10´) ata que estean duros. Pásanse por auga ata arrefriaren. Pélanse e córtanse pola metade ao longo, separamos as xemas das claras e reservámolas. Mestúranse as xemas (deixando algunhas para adornar) co atún e con maionesa. Énchense os ovos con esta pasta e dámoslles a volta. Cubrimos con maionesa os ovos e relamos por encima as xemas restantes para adornar.

Sérvense nunha fonte con follas de leituga.

En lugar de atún podemos enchelas con marisco, gambas picadas, boi...

Tamén se poden facer con salsa de tomate en lugar da maionesa. Bótase por encima queixo relado coas xemas reladas. Métense no forno un anaco.


Vivencias persoais, lendas, costumes...

...asociados a esta receita:



Lémbranme a miña época de estudante en Santiago. Facíanolas a señora da pensión no principio da primavera cando xa se comezan a consumir pratos frescos.

PAN DE COELLIÑOS



Reservamos para o final a mención a esta receita preparada polas alumnas Yang Xi Ling e Yang Shu Quing. É unha especie de biscoito moi delicado que podedes ver na correspondente diapositiva do Power Point adxunto. Os pais destas alumnas atópanse de viaxe neste momento e elas non saben traducir os ingredientes, algúns dos cales son, dinnos, difíciles de atopar en Pontevedra. Tampouco saberían traducir con precisión a elaboración deste doce. Cántannos que a súa nai prepárao habitualmente para o almorzo. Poñemos a súa receita tal como a entregaron:

INGREDIENTES :

fariña 300g, leite 220ml, azucre (dependendo do gusto) 干酵母少许、泡打粉少许.

PROCEDIMENTO:

:在面粉中加入适量酵母和少许泡打粉，酵母的用量与发酵时间和发酵温度有关，温度高、发酵时间长，酵母可以少放些，温度低、发酵时间短，就适当多放些酵母。白糖加入鲜奶中，微波加热，使糖溶化，用温奶和面，揉成光滑的面团，静置发酵。

等到面团发酵至原来的两倍大，就可以进行下一步了。我家室温 23~24 度，发酵了两个半钟头。


面团擀成薄片，顺长卷起来，切成宽度两厘米左右的馒头坯，用湿布或保鲜膜盖上，静置

把馒头捏成有点小兔子的样,然后点上两只小眼睛。
蒸锅放水烧开，把小馒头摆上，旺火蒸 就可以了，
一定要水烧开后之后再放馒头

É unha sobremesa que antigamente se tomaba o día 15 de agosto (do calendario luar). Segundo contan, había dez soles no ceo, a xente non tiña nada para comer, porque os soles estaban queimando todo o que había na terra. Un día, un valente rapaz chamado HOU YI, que é un bo tirador, colle o seu arco e tira nove frechas máxicas cara aos soles e tira nove. HOU YI coñeceu a unha fermosa moza chamada CHANG e casaron. Pero un día, unha deusa vai á súa casa para agradecerlle o que fixo pola poboación, devulle unha pastilla, para que o converta nun ser inmortal. Como HOU YI non quería separarse da súa muller, devulle a pastilla á muller para que a gardase, pero todo isto viuvo un home mao chamado FENG MENG . E un día (15 de agosto), cando HOU YI saíu de caza, CHANG e quedou soa na casa, entón FENG MENG viu que era o mellor momento para roubar a pastilla. Como a muller non podía con el, tomou ela a pastilla e entón voou cara á lúa, porque é o lugar mais preto á Terra. Cando HOU YI volveu a casa non vía á súa muller, entón as criadas contáronlle todo. Saiu da casa e mirou cara á lúa e viu á súa muller cun coello no brazo dentro da lúa.

CHANG E vive nun palacio moi grande, só ten o coelliño de compañía e estraña moito ao seu marido, todos os días chora, pero non pode ir á Terra velo.

HOU YI, todos os anos no día 15 de agosto sentaba diante da casa para ver a lúa, porque é o día que a lúa é moito mais brillante e redonda e que podía ver á súa muller.





Ti sabes como
comes, pero...

**Como comen
os demais?**



En **Alemania** existen unhas 200 variedades de pan que van do branco ao negro, que xunto á carne fría, os embutidos e o queixo constitúen a forma habitual de cea: *Abendbrot* (pan de tarde)



En **Suecia** as receitas tradicionais consérvanse bastante nos días de festa: na festa de San Xoán consévese arenque marinado con patacas e crema de leite, amorodos e os famosos *schnaps* (augardente) suecos. Pola noite os bailes duran ata o amencer. As mozas novas adoitan poñerse coroas de flores na cabeza.



En **Siria** as festas cristiás ocupan un lugar destacado na gastronomía. En Semana Santa, por exemplo, reúnese toda a familia en comidas que se eternizan durante horas: consévese follas de parra recheas de año, *knafé* montana de pasta brisa sobre a que se verte un xarope de azucre, *silha*, grans de trigo fervidos e azucrados, recubertos con grans de anís.



Os *dolmas* (follas de parra recheas) son o prato **armenio** por excelencia, imprescindibles en todas as festas. Toda a dificultade radica en saber modelalos o suficientemente pequenos para podelos comer dun só bocado. Tralas delicias da mesa chega a hora do café oriental, perfumado con cardamomo, que ten a peculiaridade de deixar pousos no fondo da cunca. Sempre hai algún voluntario disposto a ler o futuro neles, logo dunha boa comida.



Aos cingaleses de **Sri Lanka** encántanlles as especias: follas de curry, cilantro, cúrcuma, grans de cardamomo, xenxibre, canela, comino, pemento, grans de mostaza. Non podemos esquecer o leite de coco, base de toda a comida cingalesa, así como o *dhal* unha especie de lentellas vermellas. Nunha comida cingalesa todos os pratos se serven á vez e consómense sen unha orde precisa.



As comidas familiares en **China** discorren seguindo unhas normas que determinan que os pratos se sirvan todos simultaneamente. O costume é propoñer un prato por comensal, o que supón 10 pratos diferentes para, digamos, 10 persoas; de modo que todos poidan probalos e degustalos, cada un coa súa cunca grande de arroz. "*Qing Mang Yong*" dise no momento de pasar á mesa, que significa "Por favor, deleitarse lentamente" así é como se desexa que aproveite unha comida en China.



Os **xaponeses** raramente se convidan a comer uns a outros posto que a comida xaponesa se prepara sempre no último momento, o que obriga á persoa que convida a pasar o tempo da comida na cociña. A cociña xaponesa é unha viaxe por sutís sabores e aromas. O "*sushi*" é o prato xaponés por excelencia. Existen infinitas variedades: de gambas rosadas, de migas de sunimi, de ovas de salmón...



A única celebración culinaria que non pode pasarse por alto en **Estados Unidos** é a gran festa de Acción de Grazas, o terceiro xoves de Novembro. Todo o país se mobiliza e as familias reúnen ao redor do pavo tradicional. Esta festa, cuxas

orixes se remontan á época en que os indios ensinaron aos colonos a cultivar a terra, instaurouse, din, para celebraren a primeira colleita.



En **Martinica** (Antillas) a preparación da comida é cousa de todos e hai moitos homes que cociñan. A especialidade antillana por excelencia son os *acras* ou chulas. Utilízanse especias ingredientes tanto africanos como orientais. Unha boa comida sempre é unha ocasión para a festa e dise que cando se recibe unha invitación máis vale non comer nos dous días anteriores.



En **Colombia** o arroz con leite de coco esixía, tempo atrás, un esgotador esforzo ás mulleres que tiñan que romper os cocos a marteladas para extraer o leite. Hoxe o leite de coco en conserva faino todo máis fácil. As sobremesas confecciónanse con doce de leite ou froitas: papaia, mango, ananás, froita da paixón.



En **Marrocos** cómese sentados en cómodos coxíns ao redor dunha mesa redonda. Os pratos sérvense en bandexas e cómese coas mans: mellor dito cos tres dedos da man dereita: o polgar, o índice e o corazón. Os días de festa a orde dos pratos é invariable: *bastilla*, *tahinas* e *cuscús*, para acabar con pasteis e té de menta. Nunca termines un prato en Marrocos: significaría que a cociñeira calculou mal e quedouse curta.



En **Níxer** as comidas obedecen a un ritual inmutable: todos os pratos ser serven simultaneamente, as mulleres e os nenos comen nun lado e os homes a outro, sobre unha esteira, ou ao

redor dunha mesa baixa no caso das familias árabes. Cada un sèrvese a comida directamente coa man.



En **Illa Mauricio** os reis da cociña son a cebola, o allo, o xenxibre, pero sobre todo os chiles. Son unha auténtica paixón nacional. É frecuente levar chiles no bolso ao ir a un restaurante por se os pratos non pican o suficiente.



No apartado das especialidades orixinais de **Australia**, cabe citar a carne de avestruz, de quenlla, de crocodilo ou canguro. A quenlla cómese acompañada de patacas fritas , nas *fish and chips shops* que se atopan en todas as praias australianas.

